



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000155

ANEXO

“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN PEÓN.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación, en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de acordo coa Disposición adicional novena do texto refundido da Lei de Empleo, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, dun peón para labores de mellora forestal no Concello de Mesía ao abeiro da subvención concedida “Aprol rural 2023” da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de A Coruña. A xornada de traballo é de 40 horas á semana e o salario é de 1.453,25 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO/A TRABALLADOR/A

O/A aspirante seleccionado/a no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, ata a finalización do servizo, tendo o contrato unha duración máxima de nove meses.

As funcións propias do posto son, entre outras, a poda de árbores, a limpeza de montes e vías e camiños forestais para evitar incendios e facilitar acceso, o desbroce de vexetación, a mellora do hábitat das especies, o mantemento das áreas recreativas e a eliminación de restos de aproveitamentos madeireiros no Concello de Mesía.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. PUBLICIDADE.

O Concello de Mesía presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Ordes, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as candidatos /as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

Só poderán presentarse a este proceso selectivo os/as candidatos/as que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Ordes, de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado. A propia Oficina de Emprego emprazará e notificará aos/ás interesados/as as presentes bases as cales se publicarán na páxina web municipal e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web: www.concellodemesia.gal

CUARTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación.
2. Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar nacionais doutros Estados nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
3. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente ni estar



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000155

sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

5. Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

6. Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

QUINTA.- SOLICITUDES.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo establecido polo concello (Anexo I destas bases), sendo a data límite o día 05.05.2023, inclusive. Acompañarán a seguinte documentación:

- Copia do DNI e do carné de conducir, de ser o caso.
- Copia do Celga 1 ou equivalente, de ser o caso.

De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía se realizará unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

- Documentación acreditativa dos méritos que constan na base oitava. A acreditación realizarase polos medios que a tal efecto se establecen en dita base.

A presentación da instancia coa documentación farase no Rexistro Xeral do Concello (Xanceda, s/n, 15685, Mesía) en horario de 8:00 h a 15:00 h, de luns a venres.

SEXTA.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, unha relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para o posto, especificando o cumprimento dos requisitos.

Os/as aspirantes terán, se é o caso, para a subsanación de deficiencias e/ou reclamacións dende a publicación da dita relación.

Dende a terminación do prazo anterior publicarase a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as nas probas selectivas, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Nesta mesma resolución nomearase e emprazarase ao Tribunal para a valoración dos méritos e a realización da proba práctica sinalados na base oitava.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000155

e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

A composición do tribunal cualificador darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

1. A selección efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

1.1. Fase de concurso. Puntuación máxima: 5 puntos.

a) Mulleres: 0,25 puntos. Se ademais fora vítima de violencia de xénero: 0,25 puntos.

Xustificación mediante DNI e/ou informe de servizos sociais do Concello onde resida ou Resolución xudicial.

b) Menores de 30 anos. 0,25 puntos. Se ademais fora demandante do primeiro emprego ou sen cualificación profesional: 0,25 puntos.

Xustificación mediante documento xustificativo de estar inscrito no Servizo Galego de Colocación e Informe de vida laboral.

c) Persoas paradas de longa duración (máis de dous anos): 0,05 puntos por mes a partir dos dous anos, cun máximo de 0,50 puntos.

Xustificación mediante documento xustificativo de estar inscrito no Servizo Galego de Colocación e Informe de vida laboral.

d) Persoas con discapacidade que teñan recoñecida pola administración competente nun grado igual ou superior ao 33%: 0,25 puntos.

Xustificación mediante certificado de discapacidade, expedido polo organismo competente.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito : 0,25 puntos.

Xustificación, mediante documento xustificativo de estar inscrito no Servizo Galego de Colocación, informe de vida laboral e informe acreditativo do Sepe de non percibir ningún subsidio ou prestación.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,25 puntos.

Xustificación mediante documento xustificativo de estar inscrito no Servizo Galego de Colocación e Informe de vida laboral.

g) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: Por ser beneficiario da RISGA ou persoa trans: 0,25 puntos.

Xustificación mediante informe dos servizos sociais do Concello onde resida.

h) Por menor nivel de protección por desemprego das persoas beneficiarias: 0,25 puntos.

Xustificación mediante informe dos servizos sociais do Concello onde resida.

i) Por ter responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos/as menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. 0,25 puntos.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000155

Xustificación mediante informe dos servizos sociais do Concello onde reside.

j) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 0,25 puntos.

Xustificación mediante documento de autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

k) Carnet de conducir tipo B: 0,25 puntos.

Xustificación mediante copia do carnet de conducir.

l) Por posuír formación superior ao título de escolaridade, estudos primarios e/ou equivalente: 0,50 puntos.

A acreditación da titulación mediante copia da mesma ou certificación acreditativa da súa posesión.

ll) Por posuír cursos de formación e perfeccionamento profesional directamente relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por estas:

- De 21 a 40 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 41 a 80 horas: 0,20 puntos por curso.
- De 81 horas ou máis: 0,40 puntos por curso.

A acreditación da formación realizarase mediante certificación da entidade que impartiu o curso ou mediante copia do documento oficial acreditativo da súa realización.

Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados.

1.2. Fase de oposición. Puntuación máxima: 10 puntos. Consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas, segundo determine o Tribunal, relacionadas coas funcións propias do posto de traballo de conformidade co temario do Anexo II. Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución. Valorarase de 0 a 10 puntos debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Durante a realización da proba práctica o Tribunal poderá formular as preguntas que considere oportunas para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

2. En caso de empate darase prioridade á maior puntuación obtida na valoración dos méritos sinalados nos puntos do a) ao j), inclusive. No caso de persistir a igualdade, realizarase un sorteo.

NOVENA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. LISTA DE RESERVA

O tribunal propondrá á alcaldía o nomeamento do aspirante que obtivera a maior puntuación no conxunto do proceso selectivo, segundo o establecido na base anterior.

Na acta da selección, incluírase como lista de reserva a relación, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección, dos/as aspirantes non propostos/as que tiveran superado a fase de oposición, para os casos de que o/a aspirante proposto/a rexeite a oferta de emprego ou cese no posto por outra circunstancia.

DÉCIMA.- RECURSOS

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000155

presentes bases no taboleiro de anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o Alcalde - Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

UNDÉCIMA- ANEXOS

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

D., con DNI, e domicilio, para os efectos de notificación, en teléfono, correo electrónico

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de PEÓN para a realización de LABORES DE MELLORA FORESTAL NO CONCELLO DE MESÍA, que se contratará baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía, ao abeiro da subvención outorgada pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, mediante Resolución de data 19/04/2023, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

A tal efecto declara responsablemente:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos para participar esixidos na convocatoria.
- 2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 4º.- Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- 5º.- Que non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 6º.- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin está inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- 7º.- Que consinte o tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo o proceso selectivo.

Documentación que achega:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do carné de conducir, se é o caso.
- Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento do idioma galego.
- Fotocopia da titulación que posúe.
- Fotocopia dos cursos de formación realizados, se é o caso.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos outros méritos alegados (Sinalar cales):

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000155

0 _____
0 _____
0 _____
0 _____
0 _____
0 _____

En, a de de

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA

ANEXO II . TEMARIO

1. Traballos forestais

- 1.1. Tarefas desenvolvidas polo peón.
- 1.2. Podas.
- 1.3. Desbroce de masas forestais.
- 1.5. Conservación e aproveitamentos forestais.
- 1.6. Maquinaria. Utilización e mantemento.
- 1.7. Elementos e medidas de protección e seguridade. Normativa de seguridade no traballo

2. Mantemento de estradas forestais

- 2.1. Traballos de conservación de estradas forestais.
- 2.2. Limpeza de cunetas.
- 2.4. Tipos de maquinaria e equipos. O seu funcionamento e mantemento.
- 2.5. Elementos e medidas de protección e seguridade. Normativa de seguridade no traballo.

3. Prevención de riscos. Sistemas e normas de seguridade. Sistemas e equipos de protección individual. Métodos xerais de protección de accidentes. Primeiros auxilios ao accidentado."